



<u>Acta número:</u> 1	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 21.01.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:09

Asistentes

Presidente: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D^a María dos Anxos Riveiro Portela
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo
D^a María do Carme Fouces Díaz
D. Raimundo González Carballo
D. Vicente Garcia Legísima
D^a María Carmen da Silva Méndez
D. Xosé Luis Bara Torres
D. Demetrio Gómez Xunqueira
D^a María do Pilar Comesaña Hermida
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño
D. Jacobo Moreira Ferro
D^a María José Rodríguez Teso
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D^a Beatriz García Riestra
D^a María Biempica Ortiz
D. Pablo Fernández López
D. César Alberto Abal González
D. Antonio Louro Goyanes
D. Agustin Fernández González
D^a Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D^a Blanca Vega Lorenzo

Non asisten: D^a María Celia Soto Espiña, D. José Manuel Guillan Pardavila e D^a Begoña Laya Iglesias.

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Sr. Alcalde-Presidente**, declara constituída e aberta a sesión.

ORDE DO DÍA:

A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO

20.12.2012.

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 20.12.2012, é aprobado por unanimidade (22) e sen modificación ningunha.

B) PARTE RESOLUTIVA:

2. HONORES E DISTINCIÓNS: CONCESIÓN DOS PREMIOS CIDADE DE PONTEVEDRA 2012 NAS SÚAS DÚAS MODALIDADES: A) PERSOA FÍSICA E B) PERSOA XURÍDICA, ASOCIACIÓN OU COLECTIVO.

De orde da Presidencia o Secretario Xeral do Pleno dá lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Informativa do Pleno de Recursos Humanos e Réxime Interior, de data 16.01.2013, así como á proposta do Xurado Cualificador de concesión dos premios Cidade de Pontevedra formulada na sesión de data 10.01.2013.

Sen intervencións e realizada votación ordinaria, o Pleno do Concello, por unanimidade (22), e de conformidade co ditame da Comisión de Recursos Humanos e Servizos, de data 16.01.2013, acorda aprobar a proposta do Xurado Cualificador e, polo tanto, outorgar os premios Cidade de Pontevedra 2011, ás seguintes candidaturas:

Persoa Física.- A don David Cal Figueroa, polo esforzo, dedicación e compromiso amosados no eido deportivo que o converten no deportista galego con máis medallas olímpicas e o máis recoñecido a nivel internacional.

Persoa Xurídica.- Á Hifas da Terra, por ser unha empresa de referencia no aproveitamento dos recursos autóctonos, na investigación biotecnolóxica aplicada no eido da micoloxía e pola súa constante labor de innovación no campo da biomedicina.

3. REVISIÓN TARIFAS AUTOTAXIS 2013.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame favorable, por unanimidade, da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, de data 15.01.2013, emitido sobre a proposta de acordo do Concelleiro delegado de Transporte Público e Sensibilización Ambiental, relativa á revisión de tarifas de auto-taxis para o ano 2013, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local na sesión de 02.01.2013.

Sen intervencións, procédese á realización da votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (22), e de conformidade co ditame favorable da Comisión Permanente de Ordenación do Territorio, Infraestruturas, Obras e Servizos, acorda:

Primeiro.- Desestimar a pretensión de establecer os días 24 e 31 de decembro como festivos, xa que estes dous días non aparecen na relación de días festivos na Comunidade Autónoma de Galicia nin na relación de días festivos locais.

Segundo.- Proceder á revisión das tarifas aplicables polo servizo de auto-taxis do



Concello de Pontevedra solicitada por don Javier Filgueira Alonso en representación da “TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA CAPITAL E MUNICIPIOS”, tendo en conta o aumento do Índice de Prezos ó Consumo, así como o estudo económico achegado polos autopatróns.

Terceiro.- Propoñer á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia a aprobación das seguintes tarifas pola prestación do servizo público de transporte nos auto-taxis deste Concello (estes prezos serán incrementados co IVE que en cada momento se determine legalmente):

TARIFA 1	IMPORTE (SEN IVE)*
Baixada de bandeira	1,83
Km. percorrido	0,90
Hora de espera	16,91
TARIFA 2	IMPORTE (SEN IVE)*
Baixada de bandeira	2,05
Km. percorrido	1,23
Hora de espera	18,27
Bultos (Maletas, baúis ou similares), Mascotas	IMPORTE (SEN IVE)*
	0,47

* A esta contía engadírase o correspondente imposto do valor engadido, que na actualidade é un 10%.

Cuarto.- A Tarifa 2 será de aplicación durante o horario nocturno que comezará ás 22:00 horas ata as 6:00 horas do día seguinte. Tamén será de aplicación a Tarifa 2 durante os días festivos e os fins de semana que comezarán o sábado ás 15:00 horas e finalizará o luns ás 6:00 horas.

Quinto.- Remitir testemuño de acordo adoptado polo Pleno da Corporación á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para a autorización definitiva das tarifas propostas, para garantía dunha correcta prestación do transporte urbano e interurbano nos auto-taxis deste Concello cun razoable beneficio empresarial para os autopatróns.

C) MOCIÓNS URXENTES.

MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIROS PRESENTADA POR D^a. CELIA SOTO ESPIÑA, D. JOSÉ MANUEL GUILLÁN PARDAVILA E D^a BEGOÑA LAYA IGLESIAS E PROPOSTA DE SUBSTITUTOS.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, a urxencia da moción considerase aprobada polo asentimento dos presentes (22).

A moción presentada polo Portavoz do grupo municipal do Partido Popular é do teor literal seguinte:

“Por D^a. Celia Soto Espiña, D. José Manuel Guillán Pardavila e D^a Begoña Laya Iglesias, concelleiros deste grupo municipal, vense en presentar a súa renuncia expresa ao seu cargo de concelleiros deste Concello mediante escrito do 21.01.2013, Rexistro Xeral e do Pleno da mesma data.

Se ben a sesión ordinaria do Pleno do Concello xa se atopa neste momento

convocada, solicítase a inclusión por urxencia do presente asunto, ao abeiro dos arts. 67 e 119 do Regulamento Orgánico do Pleno. A xustificación da urxencia explícase pola demanda que require a substitución dos concelleiros renunciante, xa que desde a súa manifestación neste sentido poderían deixar de acudir ás sesións das comisións informativas, plenarias e demais órganos colexiados municipais, amén das súas tarefas dentro do grupo municipal. Deste modo conséguese a máis pronta remisión do acordo á Xunta Electoral Central e o máis rápido nomeamento dos substitutos/as.

En todo caso, o contido do acordo tampouco presenta maior complicación xa que ha adaptarse ao previsto legalmente: tomar coñecemento da renuncia e propor aos seguintes candidatos/as na lista electoral, sen que conste neste momento que ningún destes ten intención de renunciar, á súa vez.

Polo tanto proponse, de conformidade co art. 182 da Lei Orgánica 1/1985, do Réxime Electoral Xeral e a Instrución da Junta Electoral Central de 10.07.2003, a adopción polo Pleno do seguinte ACORDO:

1. Tomar coñecemento da renuncia efectuada por D^a. Celia Soto Espiña, D. José Manuel Guillán Pardavila e D^a Begoña Laya Iglesias, á súa condición de concelleiros deste Concello.
2. Propor o nomeamento de D^a Rosa Encarnación Picallo Quiveo, D. Miguel Ángel Meijón Couselo e D^a Eloisa María Nogueira Garrido, como novos concelleiros do Concello de Pontevedra, ao así proceder ao ser os seguintes na correspondente lista electoral.
3. Dar traslado de certificación do presente acordo á Junta Electoral Central.”

O Pleno do Concello, por unanimidade (22), acorda aprobar a moción anteriormente transcrita.

A continuación realízanse unha intervención por cada un dos portavoces dos grupos políticos municipais.

O Sr. Alcalde-Presidente: Quero agradecerlle a estes tres compañeiros e compañeiras o seu traballo durante o que foron representantes dos cidadáns de Pontevedra nesta Corporación. Máis alá das discrepancias que poidamos ter a nivel político, creo que hai que agradecerlle a calquera persoa e aos concelleiros que estiveron na Corporación a súa dedicación ao traballo político municipal, moito máis nun momento no que hai unha desafección, eu creo que interesada, ao respecto das persoas que nos dedicamos a actividade política. A actividade política é absolutamente necesaria e imprescindible para traballar en beneficio da sociedade e, polo tanto, eu quero, expresamente, agradecerlles a súa dedicación no tempo que estiveron nesta Corporación.

Quero agradecerlles, tamén, o detalle da súa despedida persoal que tiveron co Alcalde, para despedirse da Corporación e da propia Alcaldía. Quero lamentar, tamén, a súa non presenza neste Pleno para despedirse de toda a Corporación e de toda a cidadanía de Pontevedra, dalgunha maneira, ou dos medios de comunicación, non vou a entrar en cuestións puntuais pero, en todo caso, creo que se debe as circunstancias nas que se produce este cese ou esta dimisión; cuestión, ademais, que non se tiña producido nunca, e xa levamos moitos anos na actividade municipal



e, sempre, os concelleiros asistiron ao Pleno de renuncia no caso de que puideran facelo, porque, houbo algunha persoa á que houbo que substituír porque xa tiña falecido, os demais asistiron e deron o último saúdo á Corporación.

Desexo que na súa actividade profesional e persoal teñan os maiores éxitos posibles, reiterando o traballo feito en favor dos cidadáns de Pontevedra.

Sr. Moreira Ferro, ten a palabra.

O Sr. Moreira Ferro: Gracias, señor Presidente.

No meu nome e no dos meus compañeiros quero que quede constancia na acta deste pleno o meu e o noso agradecemento ao traballo feito polos concelleiros que presentan a súa renuncia, á súa contribución á mellora de Pontevedra en todos os seus problemas, esa era a súa función e creo que fixeron un bo traballo e, polo tanto, quero que quede constancia do meu agradecemento e, ao mesmo tempo, a liberdade de cada un para decidir se queren ou non estar presentes neste momento. Creo que o tema de presencias en actos institucionais é importante pero, igual que se respecta noutros casos, tamén pido respecto para estes concelleiros que, libremente, decidiron non estar hoxe presentes aquí.

Nada máis e que quede, por tanto, constancia na acta destas palabras.

Moitas gracias.

O Sr. Alcalde-Presidente: Moitas gracias, señor Moreira.

Sr. Louro Goyanes, ten a palabra.

O Sr. Louro Goyanes: Breves palabras para expresar a gratitude do grupo municipal socialista cos concelleiros que hoxe cesan como membros desta Corporación. Desexarlles o mellor e, reitero, toda a gratitude do mundo pola súa contribución a que as cousas en Pontevedra vaian mellor.

A política é unha actividade que da moitas voltas e, polo tanto, teremos, probablemente, ocasión para encontrarnos de novo.

Agradecerlles o seu talento, o seu estilo e a súa cordialidade.

D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

4. DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 28.12.2012, DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN AUSENCIA DO SEU TITULAR E SUPLENTE.

O Pleno do Concello tomou coñecemento de Decreto da Alcaldía de 28.12.2012 de nomeamento de concelleira secretaria da Xunta de Goberno Local en ausencia do seu titular e suplente.

5. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos ditados pola Alcaldía e resolucións ditadas polos Concelleiros de Goberno durante o mes de decembro de 2012 e das resolucións ditadas polos Directores Xerais durante o mes de novembro

de 2012.

6. PREGUNTAS.

Non se formularon preguntas.

7. ROGOS.

Non se presentaron rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 11:20 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.